



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

RESOLUCIÓN REITORAL DO 21 DE DECEMBRO DE 2021, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS PARA O CURSO 2022-2023

A Universidade de Vigo convoca prazas de mobilidade internacional no marco do programa Erasmus+ para o curso 2022-2023. As prazas encadraranse dentro do programa *Erasmus+*, o programa da Unión Europea para a educación, formación, xuventude e deporte, aprobado para o período 2014-2020, prorrogado ata o curso 2022-2023 e do novo programa que se desenvolverá no período 2021-2027.

A Universidade de Vigo, como institución elixible trala obtención da ECHE (*Erasmus+ Charter for Higher Education*) para participar no programa *Erasmus+*, asinou acordos bilaterais de intercambio de estudantes con outras institucións de ensino superior elixibles para participar neste programa na acción de mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

Esta convocatoria ten por obxecto a adxudicación de prazas de mobilidade sen contemplar a concesión de axudas económicas posto que estas dependen da distribución do orzamento que realice o SEPIE e os criterios que estableza a nivel nacional.

En función desta distribución, a Universidade de Vigo xestionará e adxudicará con posterioridade todas as bolsas asociadas a estas prazas de intercambio incluídas as doutros posibles financiadores (Deputación de Ourense, Deputación de Pontevedra e Banco Santander) e outras que poideran xurdir durante o período de preparación da mobilidade ou durante a estadia. Poderían existir prazas que non conleven axuda económica (bolsa cero).

O número e a contía das axudas estará supeditada ao crédito orzamentario. En caso necesario, se a entidade financiadora o require, serán reguladas por convocatorias específicas dirixidas sempre ao estudantado que obtivese praza na presente convocatoria. Se non existe este requisito por parte da entidade financiadora, a presentación da solicitude para a presente convocatoria de prazas de intercambio outorga pleno dereito ao estudantado a participar no proceso de adxudicación das distintas axudas económicas que puideran xurdir, sen ser necesaria a súa solicitude expresa en cada caso. As contías das bolsas recolleranse en resolucións reitorais individuais por tipo de financiación concedida.

En virtude dos convenios asinados e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar as prazas *Erasmus+* Estudos da Universidade de Vigo en réxime de concorrencia competitiva destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que desexen cursar estudos, un cuatrimestre ou un curso completo, durante o curso académico 2022-2023, nas institucións de ensino superior que aparecen no anexo III desta convocatoria.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan, na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.



3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido aos prazos de nominación das universidades participantes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por

María Isabel Doval Ruiz



ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS+ ESTUDOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.
CURSO 2022-2023****1. OBXECTO**

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado en programas de Grao, Mestrado ou Doutoramento, a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades coas que a Universidade de Vigo asinou un convenio de intercambio de estudantes.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais

Non realizar máis de 12 meses de estadía *Erasmus+* nas diferentes modalidades (estudos e prácticas) durante o mesmo ciclo de estudos (Grao, Mestrado ou Doutoramento). Por este motivo non poderá participar nesta convocatoria o estudiantado que gozou con anterioridade dunha estadía superior a 7 meses no mesmo ciclo de estudos.

Compútanse como realizadas no Grao as bolsas *Erasmus+* realizadas nun Ciclo Superior de Formación Profesional.

2.2. Requisitos académicos

Estar matriculado/a no curso académico 2021-2022 en titulacións de Grao ou de Mestrado de máis de 60 ECTS que se ofertan na Universidade de Vigo ou nun Programa de Doutoramento.

Exclúese expresamente ao alumnado que remate algunha das titulacións do parágrafo anterior no curso 2021-22.

O alumnado deberá estar matriculado no curso académico 2022-2023 durante o seu período de intercambio.

O estudiantado de Belas Artes deberá presentar un proxecto artístico en formato PDF.

Cumprir os requisitos específicos de cada centro (Anexo II).

2.3. Requisitos específicos das prazas

Os requisitos específicos para cada unha das prazas aparecerán detallados na relación de prazas ofrecidas que se publica no anexo III. O alumnado ten a obriga de consultar nas páxinas web das universidades de destino os requisitos académicos e lingüísticos para o alumnado Erasmus entrante.

3. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os/as interesados deberán cubrir o seguinte formulario:

Formulario plataforma *Moveon*:

1. Cubrir o formulario de participación en liña en:
<https://uvigo.moveon4.de/locallogin/614861f39c62011579567965/spa> rexistrándose no campo correo electrónico, co correo de dominio **@alumnos.uvigo.es** para poder posteriormente iniciar sesión.



2. Descargar o formulario unha vez cuberto e asinalo dixitalmente.
3. Presentar o formulario de participación en liña e a través da sede electrónica da Uvigo <https://sede.uvigo.gal>, polo procedemento **ORI-Convocatoria Erasmus+ Estudos 2022-2023**.
4. A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

O alumnado de Belas Artes deberá presentar un proxecto artístico en PDF.

Certificado de mobilidade no caso do alumnado que desfrutase dunha bolsa *Erasmus+* durante o Ciclo Superior de Formación Profesional, que deberá indicar o número exacto de meses e días de estadía realizados.

Certificacións oficiais de coñecemento de idiomas se se esixe nos destinos publicados no anexo III, na páxina web da universidade de destino ou nos requisitos específicos do centro (Anexo II). O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais:

<https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas ACLES/Tablas de certificados reconocidos por ACLES OCTUBRE2021.pdf>

En caso de precisar apoio de tipo técnico durante o proceso de presentación dos formularios poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

Para presentar a solicitude a través da sede electrónica pódense usar os seguintes sistemas de autenticación:

- Certificado dixital ou DNI electrónico
- Chave PIN
- Chave Permanente

Non obstante, os documentos esixidos na convocatoria deben asinarse con sinatura dixital, polo que o alumnado deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuír un lector de DNI electrónico.

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/GL_manual_cidadania_FNMT.pdf

A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través do correo electrónico do dominio @alumnos.uvigo.es

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **21 de xaneiro de 2022** (ás 23: 59 hora peninsular española).

O Centro de Linguas realizará probas de acreditación de nivel:

- **Campus de Vigo**
- **Inglés, nivel C1:** mércores 13 de xaneiro ás 16.00 horas (listening, reading, writing)
- **Inglés, nivel B2:** xoves 14 de xaneiro ás 16.00 horas (listening, reading, writing)
- **Inglés, nivel B1:** venres 15 de xaneiro ás 16.00 horas (listening, reading, writing)
- A proba oral será entre o 11 e o 22 de xaneiro en función do número de candidatos por cada nivel.
-

4. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN



Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Este prazo é para emendar as causas de exclusión das solicitudes, non se admitirán cambios nos destinos indicados na solicitude orixinal nin a alteración da orde dos mesmos.

Unha vez revisadas as alegacións, a ORI publicará a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e enviará aos/as responsables de relacións internacionais dos centros respectivos as solicitudes presentadas para que en cada centro se efectúe a selección do alumnado segundo o nota media do expediente, o nivel de coñecementos de idioma segundo o destino e os criterios específicos, de existiren, que se detallan no anexo II.

En cada centro publicarase unha **relación provisional do alumnado seleccionado e concederase un período de reclamación de 5 días hábiles** dirixidas á Comisión de selección do centro, da que será presidente/a a persoa responsable de relacións internacionais dos centros. Os datos das persoas responsables pódense consultar na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/movilidad>

Revisadas as alegacións os/as responsables de relacións internacionais de cada centro enviarán a selección definitiva á Oficina de Relacións Internacionais. Unha vez recibida, elevarase a proposta de **resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas e lista de agarda**, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no **portal de bolsas** da web da UVigo e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

5. ACEPTACIÓN E RENUNCIA



As persoas seleccionadas deberán aceptar ou renunciar a concesión da praza no prazo de **10 días hábiles** desde a publicación da resolución definitiva de adxudicación do destino. De non facelo nese prazo, **entenderase que renuncia á praza de mobilidade**. O documento de aceptación/renuncia presentase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **ORI-Convocatoria Erasmus+ estudos 2022-2023**.

O alumnado en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, debido á renuncia de alumnado seleccionado previamente, deberá aceptar a praza a través da sede electrónica da Universidade de Vigo polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

Toda renuncia a unha praza xa **aceptada con anterioridade**, deberá presentarse por escrito. Esta renuncia deberá presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

6. OBRIGAS

6.1. Comprobar os requisitos específicos da universidade de destino e que a súa oferta académica se adecúa ao plano de estudos da Universidade de Vigo

6.2. Enviar ás universidades de destino os formularios de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado por estas institucións. A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo **non implica** que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.

6.3. Matricularse na Universidade de Vigo durante o curso 2022-2023. Non se pagará matrícula na universidade de destino. Non obstante, algunha destas universidades poderá esixir ao alumnado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.

6.4. Comunicarse coa ORI a través da conta de correo co dominio *alumnos.uvigo.es*. Enviar as mensaxes unicamente á conta de correo outgoing.ori@uvigo.es. Identificarse con nome e apelidos e indicar a mobilidade na que se participa.

6.5. Deberán tramitar a seguinte documentación e entregar na ORI a que lle sexa requirida:

6.5.1. Antes do inicio da estadía:

Tramitar a tarxeta sanitaria europea. Ademais, é obrigatorio contratar un seguro de asistencia en viaxes. Desde a ORI informárase das condicións mínimas que debe conter (repatriación, etc). Deberá enviarse a documentación relativa ao período cuberto polo seguro a outgoing.ori@uvigo.es. No caso de ampliar o período da estadía comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e enviar a outgoing.ori@uvigo.es o comprobante desta ampliación.

Tramitar o seu visado e aboar os gastos, se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

Elaborar un contrato de estudos en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización. Este contrato deberá elaborarse e ser aceptado antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2022-2023. As modificacións necesarias no contrato de estudos deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre na universidade de destino. Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na



Universidade de Vigo no curso 2022-2023, deberán ser notificadas polo alumnado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo coordinador/a.

Asinar un convenio de subvención que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (alumnado e vicerreitora) **antes do inicio da estadía**. Considerase como inicio de estadía a data na que o alumnado deba estar presente na institución de destino, ben sexa para o comezo do período lectivo ben para participar no curso de idioma impartido pola devandita institución. A data de finalización da estadía será a do último día que o alumnado deba estar presente na universidade de destino, incluíndo as datas dos exames que se deban realizar na devandita institución. Estas datas deberán ser comunicadas á ORI polo alumnado coa antelación suficiente para poder realizar os trámites relacionados coa súa estadía Erasmus+.

Realizar unha proba de nivel obrigatoria do idioma, **OLS**, que empregará como idioma de estudo antes de iniciar a súa estadía. Os resultados non impedirán que poida realizar a estadía de mobilidade. En función do resultado obtido poderá ter acceso a unha plataforma de aprendizaxe en liña antes ou durante o seu período de mobilidade. A información sobre estas probas pódese consultar en <http://Erasmus+ plusols.eu>

6.5.2. Ao inicio da estadía

Certificación de chegada conforme ao modelo publicado coa convocatoria. Deberá envialo ao enderezo outgoing.ori@uvigo.es cuberto e asinado pola institución de destino. Conservar o documento orixinal da certificación ata o remate da estadía para que a institución de destino cubra a parte inferior na que certifica a data de finalización da estadía. A data que figura no documento de chegada non poderá ser anterior á que figura como data de comezo no convenio de subvención asinado polas partes.

6.5.3. Durante a estadía

O alumnado que teña aceptada unha mobilidade para o primeiro cuatrimestre poderá solicitar a ampliación da estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade. Para solicitar a ampliación a persoa deberá recibir o consentimento por escrito do/a coordinador/a académico/a da Universidade de Vigo e da universidade de acollida no formulario dispoñible para estes efectos. O alumnado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á ORI antes da data establecida para a ampliación no convenio de subvención. Unha vez que se conceda a ampliación, o alumnado tramitará os cambios no contrato de estudos e comunicaraos á secretaría de alumnado do seu centro de orixe.

O alumnado que decida reducir a súa estadía deberá comunicalo á universidade de destino e á ORI enviado un correo a outgoing.ori@uvigo.es o máis axiña posible, e deberá modificar o contrato de estudos e comunicalo á secretaría de alumnado do centro de orixe. Neste caso, deberá reintegrar a parte proporcional da axuda que tivera recibido.

6.5.4. Unha vez finalizada a estadía



Presentar na ORI seguindo as indicacións o certificado de realización da estadía, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin riscaduras. As persoas beneficiarias acreditarán a estadía efectiva e a súa duración mediante o citado certificado. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.

-Cumprimentar e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña nos **30 días naturais** posteriores á recepción da invitación para cumprimentala. A Universidade de Vigo poderá requirir ao alumnado que non cumprimente e envíe a enquisa UE en liña o reembolso da axuda financeira concedida, de ser o caso.

- Solicitar na universidade de destino a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada ou solicitar que a universidade de destino envíe a certificación directamente á persoa coordinadora da mobilidade no seu centro. É responsabilidade do alumnado conseguir esa certificación.

7. COVID E BREXIT

A situación de pandemia global motivada pola COVID19, implica que moitos dos termos desta convocatoria deban considerarse provisionais e susceptibles de ser modificados tanto pola Universidade de Vigo como por parte das universidades de destino, en calquera momento do proceso, desde a súa publicación ata o final da estadía.

A maior parte das universidades de destino condicionan a admisión definitiva do estudantado á situación sanitaria no momento de tramitar as admisións ou de realizar a mobilidade.

A docencia en destino podería ser presencial, en liña ou combinada.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se de utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude	
Solicitude de participación	soler-apellido1-apellido2-nome/s
Proxecto (alumnado Belas Artes)	proxecto- apellido1-apellido2-nome/s
Certificado estadía (alumnado Formación Profesional)	certfp- apellido1-apellido2-nome/s
Certificado/a idiomas	cid- apellido1-apellido2-nome/s
Documentación para entregar unha vez seleccionados	



Documento de aceptación	acep- apelido1-apellido2-nome/s
Renuncia	re- apelido1-apellido2-nome/s
Documentación para entregar antes ou durante a estadía	
Documento de amplicación da estadía (de ser o caso)	amp- apelido1-apellido2-nome/s
Documento de chegada a destino	dll- apelido1-apellido2-nome/s
Documentación para entregar o final da estadía	
Certificado fin de estadía	Cefin- apelido1-apellido2-nome/s

